



*5.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE CARRUAXES, VAOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO, CARGA E DESCARGA E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR*

*Artigo 1. Obxecto*

Esta Ordenanza dítase ao abeiro do disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de recoller tódalas especificacións e singularidades que non son recollidas nin neste texto legal nin na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público locais (en diante OX) deste Concello.

*Artigo 2. Normas sobre a xestión da taxa*

Todo o relativo á xestión específica deste tributo aterase ao disposto no artigo 16 da OX do Concello do Carballiño, así como nos restantes artigos sobre aprobación de padróns, calendario fiscal, exposición pública, anuncios de cobranza, altas nos rexistros, notificacións administrativas, procedemento de revisión, suspensión do procedemento, devolución de ingresos indebidos, xestión recadatoria e inspección, así como na normativa legal vixente.

No específico ao concepto de vao e reserva de espazo, obrigas do titular, autorizacións, documentacións a presentar, tipos de vaos, sinalizacións, suxeitos pasivos, responsabilidades do uso, feito imponible, suspensión da autorización, revocación, baixa ou anulación do vao, así como calquera outra materia análoga ven regulada na Ordenanza de mobilidade.

En concreto para esta taxa, se especifican as regulacións seguintes:

*Artigo 2.1. Feito imponible*

*Está constituído pola realización sobre a vía ou terreos de uso público de calquera dos aproveitamentos a que se refire esta taxa e a obriga de contribuír nace dende o momento en que o Concello autorice a solicitude cursada polo interesado, aínda que o aproveitamento non se iniciase.*

*Artigo 2.2. Suxeitos pasivos:*

Os suxeitos pasivos contribuíntes e suxeitos pasivos substitutos do suxeito pasivo serán aquelas persoas que veñen reguladas no artigo 16 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e demais ingresos de dereito público locais.

Serán responsables desta taxa aquelas persoas segundo o que establece a citada ordenanza xeral no seu Capítulo II, da Subsección II da Sección IV.

*Artigo 2.1. Base imponible*



Tomarase como base para determinar a cota:

- nas entradas de carruaxe: superficie do inmoble
- nos vaos: lonxitude da entrada.
- nas reservas permanentes, as superficie do espazo reservado.
- nas reservas temporais, e a superficie do espazo reservado, o peso máximo autorizado do vehículo e a duración do uso.

Artigo 3. Tarifas.

Se esixirán as seguintes:

Artigo 3.1 Taxa entrada de carruaxe

Tipos /superficie do inmoble	Mínimo (€/ano)
IMMOBLES COMERCIAIS E INDUSTRIAIS	30,66
GARAXE PARTICULAR MAXIMO 25 m <sup>2</sup>	21,81
UNIFAMILIAR	21,81
DE 25,01 A 100 m <sup>2</sup>	26,25
DE 100,01 A 400 m <sup>2</sup>	30,66
DE 400,01 A 650 m <sup>2</sup>	46,00
DE 650,01 A 1000 m <sup>2</sup>	61,23
DE 1000,01 A 1300 m <sup>2</sup>	76,45
MÁIS DE 1300 m <sup>2</sup>	91,79

a) Por exceso dos metros liñeais permitidos regulados por Ordenanza reguladora aboarase unha cota proporcional ao mesmo que resulte da aplicación destas tarifas con recarga do 50%.

b) O importe da cota ratearase por trimestres naturais no caso da autorización inicial

Artigo 3.2 Taxa de vao

a) No núcleo urbano: 38,50€/ano

b) No núcleo rural será a petición do interesado e se non existise inconveniente autorizaranse os vaos nas zonas rurais aplicando unha taxa: 28,88€/ano.

c) O importe da cota ratearase por trimestres naturais no caso da autorización inicial.

Artigo 3.2 Reservas temporais

- Por autorización en horario autorizado, ao día/5m lineais ou fracción.....3,00€
- Por autorización en horario reducido con fracción mínima de tres horas /5ml ou fracción .....1,50€



Agás farmacias, ambulancias, funerarias e outros servizos de urxencia.

Para os supostos contemplados neste artigo para calquera axuste da fracción horario para a súa adecuación ás necesidades do petionario ou interese público deberá ser informado pola Policía Local, tendo carácter vinculante o devandito informe.

Estas tarifas serán de aplicación tanto se a carga e descarga leva parella o corte ou non da circulación, as autorizacións concederanse por cada 5 ml ou fraccións.

Artigo 4.- Obriga de Pagamento e prazos.

1. A obriga de pagamento da taxa reguladora nesta ordenanza nace:

- a) tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, dende o momento que o concello autorice a solicitude cursada polo interesado, aínda que o aproveitamento non se iniciase.
- b) tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados o día 1 de xaneiro de cada ano.

2. O pagamento da taxa realizarase:

- a) concesión de novos aproveitamentos: por ingreso directo na Recadación municipal, cando se teña a autorización.
- b) aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: unha vez incluídos os padróns municipais, nas oficinas de recadación, nas datas que se establezan.

*Artigo 6. Exencións.*

Quedan exceptuados do pagamento das taxas por reserva de espazos, pero non así da obriga de solicitar a oportuna autorización:

- a) reservas de espazos para servizos públicos.
- b) reservas de espazos para estacionamento ante organismos públicos.

*Disposición Final. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.*

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer o día un de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

---

**- Aprobación provisional:**

**-- sesión do Pleno: 29/09/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 230 do 05/10/2016**

**\* Diario "La Región" do 01/10/2016**

**- Aprobación definitiva:**



CONCELLO  
**DO CARBALLIÑO**  
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1  
Télfno: 530007 - Fax: 530008  
32500 O Carballiño (Ourense)

*-- modificación de parte do artigo 3.2 (Tarifa. Taxa de Vao) e da  
Disposición Final.*

*-- sesión do Pleno: 01/12/2016*

*-- publicación:*

*\* BOP nº. 283 do 12/12/2016*

*\* Diario "La Región" do 12/12/2016*

*-- entrada en vigor: 01/01/2017*